

Cairón

BOLETÍN DO INSTITUTO DE ESTUDOS ULLOÁNS

Nº 8. MARZO
DE 2025

O CONFLITO DE ALTRI

- A liberdade da auga
Por Joaquín Araújo
- O impacto na saúde dos veciños e traballadores do proxecto GAMA
Por Sonia Villapol Salgado
- O confronto de dúas xeografías: o espazo banal e de recursos fronte ao espazo vivo e de resistencia no conflito de Altri
Por Rubén Camilo Lois González
- Outono roubado. Ensaio sobre ambiente, territorio e paisaxe a través do caso Altri
Por Horacio García
- A paisaxe emocional do Camiño de Santiago na Ulloa
Por Francisco Pardo Teijeiro
- Todo o que cabe nun queixo, nun xerro, nun iogur
Por Ana Escariz Pérez



HISTORIA

- Xénese e consolidación dos concellos constitucionais da Ulloa
Por Fernando Salgado
- Segundo fragmento de «Amoexa. Memoria dos cincuenta». *Por Pepe do Xastre*

PATRIMONIO

- Arredor da toponimia maior do concello de Antas de Ulla
Por Andrea Santiso Arias
- Historias de cultura en Antas de Ulla
Por Patricia Coucheiro

CREACIÓN

- Tres poemas
Por Adela Figueroa Panisse
- A Ulloa berra non
Por Paco Ledo
- Terra!
Por Toño Núñez
- Un conto inventado ou non
Por Pablo Coucheiro Rodríguez

ALGUNHAS DAS INICIATIVAS QUE O SECTOR PRIMARIO
PUXO EN MARCHA NA COMARCA DEBUXAN UNHA
ALTERNATIVA AO BALEIRAMENTO DO RURAL,
CONSTITUÍNDOS ESPAZOS DE RESISTENCIA AO SISTEMA
AGROINDUSTRIAL. NA ULLOA ATÓPANSE ALGÚNS DESES
FRAGMENTOS DE TERRITORIO QUE PROMOVEN A VIDA

TODO O QUE CABE NUN QUEIXO, NUN XERRO, NUN IOGUR¹

/ ANA ESCARIZ PÉREZ

Mediadora de Concomitentes

«El campo es la distancia a atravesar», di Marc Badal en *Vidas a la intemperie. Notas preliminares sobre el campesinado*. «Lo que se ve de soslayo a través de la ventanilla para mantener la ficción de que existen ciudades distintas. (...). Un entorno residual: vestigio de un tiempo superado, receptor de todo lo que molesta y no tiene cabida en la ciudad»².

[1] Edición do texto e revisión da tradución: Teresa Escariz

[2] Badal, Marc (2014): *Vidas a la intemperie. Notas preliminares sobre el campesinado*. Madrid: Ediciones Campo Adentro, 19.

En 2016, Sergio del Molino publicou un libro, *La España vacía*³, que foi quen de poñer nome a moitos malestares do campo e conseguiu situalos na axenda mediática. Nun desprazamento lingüístico, o termo «España vacía» acabou evolucionando a «la España vaciada» para evidenciar a inevitabilidade desa condición de baleira. En relación aos procesos de baleiramento do campo e o papel que xoga no proxecto moderno do progreso, Gustavo Duch, veterinario e editor da revista *Soberanía alimentaria, biodiversidad y culturas*, asegura que detrás da tendencia de despoboamento do rural «hay un relato que pretende que esa “España vaciada” se pueda rellenar de cualquier cosa: macrogranjas, infraestructuras energéticas o turísticas, vertederos... El problema no está en que en los pueblos falte gente, sino en la España llena y su avance depredador sobre lo rural»⁴.

Cando asistín en Melide a unha das charlas informativas organizadas pola Plataforma Ulloa Viva, varios dos relatores, coma o enxeñeiro agrónomo Xoán Castro e o catedrático de Análise Xeográfica Rubén Lois, aseguraron que nos plans de Altri non hai ningunha consideración pola actividade humana que se desenvolve na zona, porque entenden A Ulloa, Terras de Melide e o Deza coma un territorio pasivo. Na mesma liña, o proxecto de Altri fórmulase, dende os centros urbanos de toma de decisións, coma unha solución para un territorio que se describe coma deprimido e baleiro⁵. Ademais das graves consecuencias que tería sobre a saúde humana e o ecosistema, a planta de Altri competiría en recursos coma agua, terreos e volumen de emisións permitidas co principal sector da zona: o agrogandeiro, poñendo en perigo a viabilidade dos

[3] Del Molino, Sergio (2016): *La España Vacía. Viaje por un país que nunca fue*. España: Turner.

[4] Herrero, Yayo (2021): «El rural bien entendido es el mayor desafío al capitalismo», ctxt, 6 de noviembre de 2021. Accesible en <https://ctxt.es/es/20211101/Politica/37772/Gustavo-Duch-entrevista-rural-desafio-capitalismo-Yayo-Herrero.htm>

[5] Méndez, Francisco (2024): «Altri: hablemos de autoodio y de la “Galiza” inventada». *La Voz de Galicia*, 27 de marzo de 2024. Accesible en https://www.lavozdegalicia.es/noticia/opinion/2024/03/27/altri-hablemos-autoodio-galiza-inventada/0003_202403G27P13991.htm.

proxectos ecolóxicos ligados á transformación de lácteos que existen na comarca⁶.

Actualmente, Galicia produce o 41 % do leite que se consume en España.⁷ A comarca da Ulloa atópase nunha das zonas de Galicia onde a produción e transformación do leite ten máis presenza. Aínda que o modelo camiña cara a intensificación, a produción láctea desta zona está aínda fundamentalmente baseada en pequenas explotacións familiares de extensivo e nela hai unha importante presenza de exemplares de razas bovinas autóctonas. A alimentación do gando faise fundamentalmente a base das forraxes producidas pola propia explotación, aproveitadas, cando a climatoloxía o permite, mediante pastoreo. Así, os alimentos para o gando adquiridos fóra da explotación, utilízanse únicamente coma complemento, algo que, xunto á baixa dependencia de maquinaria, facilita a viabilidade económica das pequenas explotacións.

Ademais do extensivo, un modelo de gandería que, como di Fran Quiroga en *Hacia una cultura en extensivo*⁸, «cuestiona a través de su propio hacer conceptos como progreso, escala, productivismo, hiperespecialización o eficiencia», nos últimos anos, a comarca da Ulloa viu como despegaban no territorio iniciativas pioneiras no ámbito da ecoloxía galega coma Arqueixal, Sen Máis, a Granxa Maruxa, Muuhlloa o As vacas da Ulloa, entre outras.

A absoluta falta de interese polo entramado ecolóxico, económico e social que existe na Ulloa fundaméntase na

- [6] Ferreiro, Xacobe (2024): «Altri pon en risco as explotacións agrarias das comarcas afectadas, 15 % das que hai na Galiza: “É o mazazo máis grande que nos poden dar”». *Nós Diario*, 23 de marzo de 2024. Accesible en <https://www.nosdiario.gal/articulo/economia/sector-agrario-ulloa-alerta-que-altri-pon-risco-suas-explotacions/20240323094852193807.html>
- [7] «La producción de leche en Galicia sube un 0,68 % en lo que va de año mientras que en España baja un 0,73 %», *Campo galego*, 2 de noviembre de 2023. Accesible en <https://www.campogalego.es/la-produccion-de-leche-en-galicia-sube-un-068-en-lo-que-va-de-ano-mientras-que-en-espana-baja-un-073/>
- [8] Quiroga, Fran (2019): «Hacia una cultura en extensivo». *Cultura y Ciudadanía. Pensamiento*, Madrid: Ministerio de Cultura y Deporte 1-6. Accesible en: <https://culturayciudadania.cultura.gob.es/dam/jcr:f6d136e6-e34c-45ce-ab88-ba2311a450a9/fran-quiroya.pdf>

visión do territorio rural coma o espazo baleiro e desafiado do que falaban Badal e Del Molino. As narrativas que se constrúen arredor deste tipo de ollada favorecen que se empece a ver o espazo rural coma unha enorme zona de sacrificio, e aos seus habitantes coma vítimas colaterais do progreso.

Algo que non deberíamos esquecer é que algunhas das propostas que se fan dende o ecoloxismo urbano se apoian tamén nesta visión do campo coma lugar baleiro ou a baleirar. Segundo Daniel López García, «desde el ecologismo también se ha venido alimentando esta oposición al sector agrario, que se ha construido como enemigo. A pesar de que existe una importante base de grupos ecologistas rurales, las miradas del ecologismo urbano al territorio rural tienen dificultad para hacer suyas o, al menos, reconocer las problemáticas del sector agrario para transitar hacia la sostenibilidad socio-ecológica»⁹.

Aínda que hai moitos colectivos ecoloxistas que si fan un esforzo por entenderen as problemáticas do campo e por entenderen a súa potencia como aliado na transición ecosocial, algúns grupos coma Futuro Vegetal ou Animal Rebellion, por poñer dous exemplos, que propoñen acabar radicalmente con todo tipo de gandeiría ou formulacións coma o *rewilding* ou o *land sparing*¹⁰ que propoñen masificar –aínda máis– as cidades para deixar que o campo volte á súa «naturaleza salvaxe», «llevan las visiones antropocéntricas y

[9] López-García, Daniel (2023): «Transición ecosocial y mundo agrario. Brechas, puentes y horizontes comunes». *Pensamiento al margen. Revista digital sobre las ideas políticas*, 18, 121.

[10] A estratexia do *land sparing* propúxoa Paul E. Waggoner en 1994 e consiste en intensificar agricultura e gandería en certas zonas para que outras queden libres de uso humano. Algo que, segundo esta teoría, axudaría a protexer a biodiversidade. Este tipo de solucións son as apoiadas, por exemplo, por *Regénesis* de George Monibot, un dos xornalistas ambientais máis recoñecidos do Reino Unido. En oposición ás ideas do *land sparing* atopamos o modelo coñecido como *land sharing*, defendido por exemplo, por autoras como Yvette Perfecto e John Van der Meer, da Universidade de Michigan. Esta, pola súa banda, aposta por un uso dual da terra: tanto para producir alimentos como para conservar a biodiversidade, cuestionando a necesidade de producir máis comida e subliando tanto os impactos negativos da intensificación como a capacidade dos sistemas agroecolóxicos de promover a biodiversidade.

urbanocéntricas mucho más allá, e imaginan una natureza prístina sin agricultores/as ni población rural»¹¹.

O interesante é que, precisamente, na oposición a Altri se unen excepcionalmente grupos sociais que non sempre teñen os mesmos intereses. Ecoloxistas, veganos, agrogandeiros de intensivo, agrogandeiros de extensivo... danse cita en redes sociais, concentracións e charlas informativas contra a macrocelulosa que queren instalar en Palas de Rei.

Sans l'orangutan é unha novela que especula coa extinción do orangután e dá conta das súas consecuencias nun sentido tan amplo que se achega á idea de propoñer a extinción dun animal coma unha perda cultural. No texto, Éric Chevillard escribe:

El punto de vista del orangután, que no importaba para nada en la invención del mundo y mantenía de pie el globo terráqueo, con sus frutas carnosas, sus termitas y sus elefantes, ese punto de vista único al que debíamos la percepción de los trinos de tantos pájaros cantores y la de las primeras gotas de tormenta sobre las hojas, ese punto de vista ya no está, dense cuenta [...] El mundo se ha encogido de repente [...] Es todo un pedazo de realidad lo que se hunde¹².

Poderíamos aplicar esta idea ás vacas da Ulloa? Teñen un mundo propio? Se desaparecen da Ulloa en tanto que animais profundamente vencellados a ese mundo humano, desaparecería tamén un punto de vista, un anaco de realidade?

No seu artigo *Por una estética de la naturaleza*, Marta Tafalla fai unha comparativa entre o tipo de mal que denunciemos cando unha lingua ou cultura minoritaria están en perigo e o que denunciemos cando falamos de especies ou ecosistemas en perigo de extinción¹³. Interésame como esta autora propón, por esta vía, desdebuxar as fronteiras entre o natural e o cultural, algo polo que a filósofa Vinciane Despret tamén se adoita interesar.

[11] López-García (2023: 121).

[12] Chevillard, Éric (2007): *Sans l'orangoutan*. París: Minuit.

[13] Tafalla, Marta (2005): «Por una estética de la naturaleza: la belleza natural como argumento ecologista», *Isegoría*, (32): 221. Accesible en <https://doi.org/10.3989/isegoria.2005.i32.445>.

Así, en *¿Qué dirían los animales... si les hiciéramos las preguntas correctas?*, Vinciane Despret convida a pensar nas situacións de domesticación coma espazos nos que os mundos de criadores e animais se volven porosos e flexibles; nos que se sobrepoñen varios *umwelt* e créanse outros. Partindo da idea de Deleuze de que os animais non están nin no noso mundo nin noutro, senón nun mundo asociado, Jocelyne Porcher, socióloga experta en criaderos formula que a domesticación consiste na transformación dun-ser-co-seu-mundo por outro ser-co-seu-mundo. Así, asegura, «no sólo las vacas no son salvajes sino que actualmente está unido a ellas un mundo con establos, heno, manos que sacan leche, domingo, olores humanos, caricias, palabras y gritos, alambradas, caminos y senderos; está unido a ellas un mundo que ha modificado la lista de lo que las afecta y que las ha constituido»¹⁴.

Eu pedínlle o leite á vaca
a vaca pediume a herba
eu pedínlle a herba ao prado e o prado pediume a rega

Cantiga popular

En *Thinking like a mountain*, o ecólogo Aldo Leopold lembra como, cando era un cazador novo, vía os lobos coma inimigos e daba por feito que menos lobos significaría máis corzos. Sen embargo, describindo por primeira vez un fenómeno de cascada trófica, Leopold describe como a efectividade das políticas antilobos fixo que a poboación de corzos, sen depredadores, crecese tanto que a terra acabou sendo sobrepastoreada, os corzos terminaron morrendo por falta de alimento e, finalmente, os gandeiros do sector

[14] O concepto de *Umwelt*, acuñado polo biólogo e filósofo alemán Jakob von Uexküll, refírese ao mundo perceptual único que cada organismo experimenta en función das súas capacidades sensoriais e cognitivas. Segundo Uexküll, cada ser vivo percibe e responde a súa contorna dunha maneira que é exclusiva para a súa especie, determinada pola súa estrutura biolóxica e as súas necesidades vitais. Este concepto destaca a idea de que non existe unha única realidade obxectiva, senón múltiples realidades subxectivas, onde cada organismo ten o seu propio mundo. Este enfoque, revolucionario no seu tempo, salienta a importancia de considerar a perspectiva dos animais para entender mellor os seus comportamentos e as súas interaccións coa contorna.

lácteo que querían ver mortos aos lobos que de cando en vez atacaban os seus animais, viron tamén como as súas vacas sufrían pola falta de pastos¹⁵. Que cascadas de efectos nocivos podería accionar a instalación da macrocelulosa?

Se en *Thinking like a mountain* Leopold usa a historia dos lobos para explicar que a aceptación da complexidade é unha das características que diferencia o pensamento liñal moderno dun pensamento holístico e ecolóxico, Harry G. West parte do ensaio do ecoloxista para formular en *Thinking like a cheese*¹⁶ que unha das grandes diferenzas que hai entre a produción industrial de leite ou queixos e a artesanal ten que ver tamén coa aceptación da complexidade. Mentres que a produción industrial busca que o consumidor saboree exactamente o mesmo cada vez que merca, algo que acada a partir dunha uniformidade lograda mediante procesos industriais que illan o produto das súas condicións e do seu medio, os procesos artesáns de produción fan xusto o contrario: traballan coas diferenzas estacionais que atopan en chans, pastos, as diferenzas que supón traballar cunhas razas de animais ou outras etc., para atopar sabores profundamente moldeados polo seu ecosistema. Neste sentido, creo que é interesante recuperar un extracto da entrevista que lle fixen a Josefa Vázquez, de queixo Dajosefa, unha queixaría que se diferencia por utilizar leite crú e o propio fermento que hai na explotación:

Josefa: A callada hai que facela aquí. E aquí non se engade ningún tipo de fermento, é só o que hai na explotación. Non se engade ningún de fóra. Porque, por exemplo, os que pasteurizan o leite xa teñen que engadir fermentos, porque non teñen bacterioloxía, entón teñen que engadir fermentos, pero aquí non. Aquí múxese, faise, e sae e calla. Nada máis. Media hora nos moldes e xa.

Ana: E despois ao queixo aféctalle o formento que hai en Chantada?

Josefa: Claro, claro, claro, xa o digo, isto mesmo, feito aquí, ou feito en Escairón é diferente, porque... fíxeno eu e... non é que en

[15] Leopold, Aldo (1970): *Sand County Almanac*. Nova York: Oxford University Press, 129.

[16] West, Harry G. (2022): «Thinking Like a Cheese: Towards an Ecological Understanding of Reproduction of Knowledge in Contemporary Artisan Cheese-Making», en Alonso Díaz, A. & Inland (Eds.): *Microbiopolitics of milk*, Londres: Sternberg Press, 167.

Escairón se fixese peor, o que pasa é que non había os fermentos no clima que hai aquí, no pasto.

Paco: No pasto. Claro. E que isto é curiosísimo, eh? Si. Porque, meu deus, estabamos falando de aquí a Escairón. Que en liña recta non hai nada, porque se me dis, estamos facéndoo en Estremadura e logo vimos a Galicia, non? Pero... E as mesmas mans que o facían nun lado, co mesmo tempo, e resulta que... Que o que cambiaba era... era o pasto.

Josefa: É o pasto. Incluso tiña medo de que, ao cambiarnos de aquí para onde Paco pasase algo. Pero non, porque foron as mesmas vacas, foi a cuba, foron as cámaras, foi todo, ben as cámaras: as neveiras. Entón despois non houbo ningún problema, non.

Igual que facemos co viño, poderíamos falar de *terroir* no caso do leite ou os queixos e entender estes alimentos como unha sorte de ensamblaxes constituídas polos animais, os gandeiros que os coidan, as bacterias que teñen estes nas súas mans, a herba que comen, a terra sobre a que esta crece, a chuvia e o sol necesarios para que medren e un longo etcétera.

«As bacterioloxías están no ambiente, no campo, nunca sabes moi ben que é exactamente o que as produce», explícame Miguel Vázquez, de queixos Dajosefa, «no noso queixo inflúen un montón as bacterias. Ti non sabes moi ben onde están, pero o que sí sabes é que onde curas, concéntranse». Nesta queixaría levan dous anos extraendo, coa Universidade de Vigo, a bacterioloxía que hai no Arzúa-Ulloa tradicional para recuperaren o fermento propio galego —xa que a maior parte de queixos Arzúa-Ulloa se fan con fermentos holandeses. Agora contan cunha bacterioteca de acceso libre cunhas 20.000 bacterias e formentos catalogados. Na nosa entrevista, Miguel contoume que nunha ocasión, en queixos Da Josefa tiveron un problema importante co fermento que empregaban. Apareceu nas súas instalacións un fungo súper resistente e as bacterias do seu fermento non eran quen de competir con el, así que os queixos deixaron de saírlles ben. Tras moitos intentos decidiron probar a recuperar un frigorífico vello que usaba Josefa había anos para gardar os queixos: «Díxenlle á Josefa: imos coller o frigorífico a ver se hai alí unha carga bacteriolóxica importante que poida co fungo. E así foi, volvemos empezar co frigorífico que agora temos alí (...) hai que facerlle un monumento!».

A produción deste tipo de ensamblaxes implica o mantemento dunhas redes moi complexas de relacións que abranxen toda unha ecoloxía e exceden os ganadeiros ou os produtores de queixos. Esta forma holística de entender os ecosistemas e os seus problemas hoxe, de «pensar coma unha montaña» ou, quizais como propón West, coma un queixo, é o que o ecoloxismo urbano, en ocasións, esquece.

Quizais sexa complicado pensar de forma holística dende a cidade, que foi deseñada baixo a concepción liñal do tempo característica da modernidade. Dende o campo, en cambio, é máis doado pensar en círculos, pois no rural a concepción do tempo é máis cíclica, ao estar estreitamente vencellada ás estacións. Se o ecoloxismo avoga por pensar ciclicamente para adaptarse ao ritmo natural das cousas, debería mirar cara o acervo cultural que os e as traballadoras do campo foron construíndo ao longo dos séculos, e avogar pola súa supervivencia. Se miramos arredor, en lugar de cara adiante, como propón Tsing en *The mushroom at the end of the world*, que vemos? Quizais unha paisaxe.

Deteñámonos brevemente a observar esa palabra. «Paisaxe» é un préstamo do francés *paysage*, que á vez deriva do latín *pagus* (rexión, distrito, pobo). De «paisaxe» nacen tamén as palabras país e paisano. A diferenza da xente do campo, que adoita emplealo pouco, as persoas que vimos de contextos urbanos usamos a miúdo este termo. Sobre esta peculiaridade, Marc Badal asegura que os campesiños son incapaces de percibir a paisaxe porque son parte da mesma:

Para ver un paisaje se requiere una cierta distancia, la lejanía de la cultura y del arte, de la novedad y el desconocimiento. La mirada del turista no tiene nada que ver con la del campesino porque, mientras que el primero consume paisaje, el otro usa territorio. Ambos alteran el entorno pero sólo el campesino cambia con las transformaciones del lugar. El turista, por mucho que cambie el paisaje, sigue siendo exactamente el mismo. Hemos cambiado un mundo sin paisajes por unos paisajes sin mundo¹⁷.

[17] Badal (2014: 155).

Reflexionar sobre a paisaxe en relación á mirada do turista é moi pertinente cando falamos da Ulloa. Por Palas de Rei e outras vilas da comarca pasa o Camiño de Santiago e, se ben é certo que moitas das vilas galegas de interior sobreviven grazas á tempada alta de peregrinos, en ocasións fano a costa de se folclorizar, un proceso que leva canda si, paradoxalmente, un baleiramento cultural do territorio pola vía da fosilización.

Neste sentido, quero subliñar que, cando formulo a cuestión de poñer en valor a riqueza naturocultural da Ulloa, o fago, en liña coas ideas de Jaime Izquierdo Vallina en *La conservación cultural de la naturaleza*, rexeitando a folclorización e a turistificación e apostando, máis ben, por un recoñecemento do valor cultural do traballo agrogandeiro. Así, fronte á idea do rural coma paisaxe chan e baleiro, dispoñible para instalar nel megaproxectos coma o de Altri ou para ser o escenario dunha teatralización da vida rural orientada ao turismo, defendemos que A Ulloa é un territorio cheo con enorme riqueza naturocultural. Izquierdo é un xeólogo e escritor que, dende territorios campesiños asturianos, traballa por superar «los conflictos que han enfrentado las aspiraciones de desarrollo de la comunidad local con las de conservación de la naturaleza»¹⁸.

En liña coa idea de recoñecer o valor cultural do traballo do campesiñado, María Sánchez, veterinaria de campo e escritora, defende que «es fundamental, para empezar, devolver la dignidad a los campesinos y a las campesinas, porque llevamos muchos años, muchas décadas despreciando todo lo que han hecho ellos»¹⁹. Na mesma entrevista, Sánchez pon un exemplo deste desprezo: na actualidade moita xente empeza a dicir que o pastoreo é o sistema máis efectivo de prevención de incendios, destacando ás cabras como excelentes aliadas na tarefa. Sánchez asegura que esta

[18] Izquierdo Vallina, Jaime (2013): *La conservación cultural de la naturaleza*, Oviedo: krk ediciones, 39.

[19] Camprubí, Berta (2020): «María Sánchez: “Necesitamos devolver la dignidad a la gente que sostiene el mundo, los campesinos”», *El Salto*, 4 de noviembre de 2020. Accesible en <https://www.elsaltodiario.com/agricultura/maria-sanchez-necesitamos-devolver-dignidad-gente-sostiene-mundo-campesinos>.

idea foi transmitida de xeración en xeración no campo, sen necesidade de formación universitaria e, non obstante, só cando alguén procedente de entornos urbanos ou académicos o respalda, dáselle validez e recoñecemento oficial. Para pensar a cuestión da autoría e o coñecemento campesiño, paréceme oportuno recuperar, unha vez máis, a Marc Badal:

Los campesinos han morado la tierra civilizándola. Vivimos en el mundo que crearon, no podemos dar un solo paso sin pisar el resultado de su trabajo. Tampoco abrir los ojos sin ver el trazo de su huella. Una obra que es todo lo que nos rodea (...). A los campesinos se les pasó por alto un pequeño detalle. Olvidaron reivindicar su autoría. A diferencia de los canteros que tallaron las piedras de las grandes iglesias, los campesinos no firmaban sus trabajos²⁰.

Tamén reflexiona Izquierdo sobre a autoría en relación a toda a cultura que se perdeu coa industrialización. En *La conservación cultural de la naturaleza*, sinala: «La nuestra [la industrialización española] fue erosiva: borró de un plumazo la memoria campesina del país al dismantelar cientos de pequeñas culturas locales de las comunidades rurales (...) que no tenían más registro de propiedad que la palabra»²¹. Con iso, perdéronse «topónimos, linguas, institucións vecinales, razas ganaderas antiquísimas, figuras de derecho consuetudinario, coñecementos e procesos agroecolóxicos, variedades agronómicas, especies silvestres, comunales, mercados agroalimentarios de proximidade, microsistemas complexos de gran diversidade cultural que constituían el soporte vital de la biodiversidade biolóxica...»²².

Un dos principais argumentos de Jaime Izquierdo para defender unha conservación cultural da natureza, é que dende hai miles de anos non existe en Europa nin en España unha natureza que non forma modificada por humanos. Así, di: «A lo que eran territorios seculares de economía, organización, institucións e natureza campesiña les llamamos –así por la cara– “espacios naturales”»²³. «Asturias no es un paraíso natural», asegura, «es un paraíso de cientos

[20] Badal (2014: 143).

[21] Izquierdo (2013: 16).

[22] Izquierdo (2013: 18).

[23] Izquierdo (2013: 18).

de pequenas parroquias de natureza campesina»²⁴. Este argumento lévao a rexeitar como foron concebidos os planos de conservación da natureza, que non tiveron en conta no noso país a achega da cultura campesiña nesa conservación. Izquierdo propón así superar a dicotomía desenvolvemento / conservación e apostar por unha «política integral de gestión agroecolóxica, cultural, singularizada y local del territorio»²⁵.

Nesta liña, cabe recuperar a idea de «cultura ordinaria» que, defendida por Raymond Williams xa en 1958, pretendía englobar tanto o que entendemos como «arte» coma simplemente os xeitos de ollar, de estar e de facer das sociedades. Esta desmaterialización da cultura, que foi desenvolvéndose ao longo do século XX, tivo un efecto nas institucións culturais, que cada vez con máis frecuencia poñen a énfase nas persoas e comunidades²⁶, co que a cidadanía está a pasar de ser mera receptora de cultura para converterse en espectadora emancipada²⁷, é dicir, en participante activa da vida cultural.

A idea de «paisaxe cultural» aparece por primeira vez en 1972, na Convención sobre a protección do patrimonio mundial, cultural e natural da Haia (Unesco, 1972). Porén, este concepto aparecía limitado a paisaxes «de especial valor histórico». O convenio de Florencia do 2000 ensancha esa concepción, asegurando que calquera paisaxe é *per se* unha construción cultural. Así, neste convenio a paisaxe cultural non só queda liberada de obedecer a criterios históricos ou estéticos senón que pasa a entenderse dunha maneira moito máis holística e inmaterial, recollendo dentro de si toda unha «red o trama, un complejo sistema de relaciones subjetivas y ecosistémicas: sociales, productivas, medioambientales y también históricas y culturales»²⁸.

[24] Izquierdo (2013: 34).

[25] Izquierdo (2013: 34)

[26] Burgos Barrantes, Benito (2020): «De los objetos a los sujetos: transiciones del patrimonio cultural. Reconceptualizaciones y reinstitucionalizaciones», *Revista PK*, 101, 2020, 26-47. Accesible en <http://www.iaph.es/revistaph/index.php/revistaph/article/view/4768>.

[27] Rancière, Jacques (2010); *El espectador emancipado*. Pontevedra: Ellago.

[28] Burgos (2020: 33-36).

Máis aló do valor intrínseco que poidan ter as ensamblaxes naturoculturais da Ulloa, hai que subliñar a potencia que este enorme acervo cultural –constituído polas súas paisaxes culturais e os coñecementos campesiños vencellados a elas– pode ter de cara a que, como sociedade, busquemos alternativas, solucións ou remedios parciais á crise ecosocial que xa está aquí.

Nunha entrevista para *Sobrevivir al descalabro*, Adrián Almazán aseguraba que, se queremos construír autonomía material no marco da crise ecosocial, a cultura campesiña é o referente ao que podemos mirar²⁹, polo que é crucial que non desapareza. Así, no artigo publicado por *Cultura y Ciudadanía*, Quiroga asegura:

En el hacer campesino hay un pensamiento ecológico, unas formas de comprender el mundo, a través de esas relaciones con la tierra, esas cosmovisiones que esconden otras maneras de estar en él y que nos pueden dar pistas de otras formas de relacionarnos con lo que nos rodea. Ese «sentipensar» ha sido en muchas ocasiones olvidado y silenciado por los centros de poder, ya sean los medios de comunicación, la academia o las propias instituciones culturales y artísticas, que no han/hemos sido capaces de atender y entender qué problemáticas se dan en estos territorios y qué respuestas se están dando³⁰.

Neste sentido, un dos grandes retos que enfrontamos na transición ecosocial é lograr facer sostible –ecolóxica, económica, cultural e socialmente– a produción de alimentos, algo que os sistemas campesiños e indíxenas sempre foron quen de facer³¹. Sobre a macrocelulosa que Altri pretende instalar en Palas, Ana Corredoira dixo:

Non valoramos o propio ata que vemos que o podemos perder. Eu creo que isto [o de Altri] tamén vai servir para que moita xente tome conciencia do que significa vivir aquí, da riqueza e as posibilidades

[29] Sobrevivir al descalabro, «Entrevistamos a Adrián Almazán», vídeo de Youtube, 01:21:53, publicado el 18 de diciembre de 2021, <https://www.youtube.com/watch?v=bQw4-x3Yj6g&t=1s>

[30] Quiroga (2019: 2).

[31] Almazán, Adrián (2019): «Atrincheros en los surcos. La nueva ruralidad como propuesta necesaria y deseable». *Cultura y Ciudadanía. Pensamiento*. Madrid: Ministerio de Cultura y Deporte, 1-7. Accesible en <https://culturayciudadania.cultura.gob.es/dam/jcr:00f203cd-34a7-45d5-be1d-b32176ba0235/adrian-almazan.pdf>

que temos aquí. O de Altri vainos a situar outra vez na alternativa, porque a hai, estamos a desenvolvela.

Algunhas das iniciativas que o sector primario puxo en marcha na comarca debuxan unha alternativa ao baleiramento do rural, constituindo espazos de resistencia ao sistema agroindustrial.³² Na Ulloa atópanse algúns deses fragmentos de territorio que promoven a vida. Neste sentido, como sinala Benito Burgos en *Pensar y hacer en el medio rural. Prácticas culturales en contexto*, moitos dos faceres do medio presentan unha posibilidade e futuro:

Discursos recontextualizados como la ecología y la agroecología, el uso responsable y sostenible de los recursos, la recuperación de sistemas productivos tradicionales, las economías de proximidad y la soberanía alimentaria, el aprovechamiento colectivo de bienes comunales, la noción *–avant la lettre–* de decrecimiento, las formas de interacción y proximidad social, entre otros, dan forma a una respuesta civilizatoria alternativa para los tiempos por venir en una sociedad postpetróleo³³.

Formulo pensar no traballo da agrogandería non só coma provedor de servizos ecosistémicos, senón tamén culturais, e pensar na cultura coma un elemento clave na loita pola protección dos ecosistemas. A cultura pode servirnos, como plantexaba Tafalla, coma un argumento máis co que loitar pola preservación de certos ecosistemas ou paisaxes culturais, coma disparador para imaxinar e construír futuros desexables e para levar a cabo procesos de transformación social e política profundos. Como di Jazmín Beirak en *Cultura ingobernable*:

Si la democracia es indisociable del conflicto, en tanto que tiene que ver con esa posibilidad siempre abierta de construir colectivamente los asuntos comunes, la cultura y las políticas culturales permiten

[32] Neste sentido, é importante lembrar que os enormes proxectos da agroindustria non fan senón empeorar a situación de despoboamento que viven os territorios nos que se instalan, ao contrario que os pequenos negocios de agroganadería, que fixan poboación local.

[33] Burgos Barrantes, Benito (2023): «Culturas y ruralidades. Una introducción», en Burgos Barrantes, B. (Coord.): *Pensar y hacer en el medio rural. Prácticas culturales en contexto*. Madrid: Ministerio de Cultura y Deporte, 11-36. Accesible en <https://culturayciudadania.cultura.gob.es/dam/jcr:fc60db21-3e5f-458b-8e2c-a4deb753f3a4/pensar-hacer-compressed.pdf>

ensanchar y ampliar ese campo de discusión y construcción de lo común, e incorporar a más personas en él. «Solo hay democracia con la ampliación continua de la ciudadanía», ha afirmado Marilena Chaui, y la cultura es uno de los campos que posibilita hacer palanca para dicha ampliación³⁴.

Ensanchemos pois, dende a cultura –dende os festivais, sesións de cine, romarías, exposicións, conversatorios e un sinfín de encontros que se teñen organizado– o campo do común. Construíamos un futuro no que collamos todas, incluíndo agrogandeiras, fermentos, vacas, carballos, castilleiros e santolinas. Fronte á necropolítica e á pantasma do rural baleiro e desafiuado, defendamos todos os mundos que caben nun queixo, nun xerro de leite, nun iogur; defendamos un Deza, unha Terra de Melide e unha Ulloa cheas, vivísimas. 🍷

[34] Beirak, Jazmín (2022): *Cultura ingobernable. De la cultura como escenario de radicalización democrática y de las políticas que lo fomentan*. Barcelona: Editorial Ariel.

CAIRÓN

Boletín do Instituto
de Estudos Ulloáns
Nº 8. Marzo 2025

COORDINA

Daniel Salgado

ESCRIBEN, FOTOGRAFAN E DEBUXAN

Joaquín Araújo
Sonia Villapol Salgado
Rubén Camilo Lois González
Horacio García
Francisco Pardo Teijeiro
Ana Escariz Pérez
Fernando Salgado
Pepe do Xastre
Andrea Santiso Arias
Patricia Coucheiro
Adela Figueroa Panisse
Paco Ledo
Toño Núñez
Pablo Coucheiro Rodríguez
Eduardo Eirago
Ana G. Liste
Antonio Pérez Casas
Xulio Cuba Orosa

GRÁFICA

Laboratorio Numax

PRELO

Agencia Gráfica

ISSN: 2603-8471
DEP. LEGAL: LU 32-2017
Monterroso, 2025

